

## Recomendacións para estudar a materia de inglés

---

- Os contidos que entrarán no exame de setembro son os comprendidos entre a unidade 1 e 6 do libro de texto.
- No exame, como en todos os anteriores, haberá tres partes:
  1. Un texto para ler. Sobre este texto se realizarán unhas preguntas para demostrar a capacidade de comprensión.
  2. Un corpo de preguntas para completar con palabras: estas palabras fan referencia ou ben ao vocabulario ou ben a conceptos gramaticais: formas verbais, comparativo, adverbios de modo, etc. explicados nas diferentes unidades do libro de texto.
  3. Unha proposta para facer un escrito breve, dunhas 6-8 liñas, no que deben demostrarse coñecementos sobre vocabulario e gramática propios deste curso ( unidades1-6 do libro).

### **Como método de estudo facemos as seguintes recomendacións:**

- Ler os contidos gramaticais da unidade ( o máis importante aparece en recuadros amarelos).
- Repasar o vocabulario da unidade.
- Podes repasar o vocabulario nas páxinas finais do language building. É recomendable o uso do dicionario para aquelas palabras que non recordes.
- Tamén podes revisar as explicacións da gramática que veñen ao final do workbook en español para cada unidade.
- Unha vez feito todo isto recomendamos realizar de novo os exercicios do workbook para cada unidade.

- Para mellorar o writing poderías practicar un de cada tema, imitando o que aparece nas últimas páxinas de cada unidade.
- Tamén podes practicar o reading lendo algunhas das lecturas que aparecen no libro e buscando no dicionario as palabras que non coñezas.

**Práctica moito os exercicios e sé constante.** Podes repasar unha unidade por semana. Unha lingua non se pode aprender estudiando o último día.

Moito ánimo!